



PRIMEIRO CADERNO DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

3º ESO

Instrucións:

- As actividades deben resolverse en folios en branco cunha escritura clara e un formato axeitado.
- Valorarase a ortografía e a presentación.
- A data límite para presentar os exercicios é o 8 de xaneiro de 2026.

1ª UD. O SÉCULO XVIII. A ILUSTRACIÓN

1. Define os seguintes termos:

a) Antigo Réxime:

b) Ilustración:

c) Liberalismo económico:

d) Decretos de Nova Planta:

e) Mercantilismo:

2. Que é a sociedade estamental? É o mesmo que unha sociedade de clases? Por que?

3. Como definirías o Despotismo Ilustrado? Consideras que a frase *“todo para o pobo pero sen o pobo”* é a que mellor define este sistema político? Por que?

4. Voltaire dixo *“non comparto as túas ideas, pero morrería defendendo o teu dereito a expresalas”*, estás de acordo con el? Argumenta a túa resposta.

5. Responde as seguintes cuestións:

a) Que conflito marca o fin da Dinastía dos Austrias e o inicio da dinastía dos Borbóns en España (Indica tamén a súa cronoloxía)

b) Cal foi a principal causa do conflito?

c) Que bandos se enfrontaron no conflito? (a nivel internacional e nacional. Non esquezas mencionar a que candidato apoiou cada bando)

d) Que tratado pon fin ao conflito?

- e) Que se acordou no tratado de paz?

6. Le o seguinte documento e responde ás preguntas:

Cando os poderes lexislativo e executivo se encontran reunidos nunha mesma persoa ou corporación, non hai liberdade, porque é de temer que [se] fagan leis tiránicas para executalas do mesmo modo. [...]No Estado en que un home só ou unha soa corporación [...] administrase os tres poderes e tivese a facultade de facer as leis, de executar as resolucións públicas e de xulgar os crimes e contendas dos particulares, perderíase todo enteiramente.

MONTESQUIEU, *O espírito das leis*, 1748.

- a. Cal é a idea principal do documento?
- b. Quen é Montesquieu?
- c. En que contexto histórico se produce o documento? (*que está acontecendo na época na que se escribe o texto que serve para explicar as ideas que defende*)
- d. Que pasaría, segundo o autor, se os poderes se concentrasen nunha soa persoa ou institución? Estás de acordo coa súa opinión? Argumenta a túa resposta.

e. Podemos relacionar estas ideas coas de outros autores? Se é así, a que outros personaxes históricos mencionarías?

f. Elabora unha conclusión sobre o documento (*Isto é, explica porque cres que é importante o que di e que consecuencias puido ter para a Historia*).

7. Marca cunha X a resposta correcta:

a) O sistema político que predominaba na maior parte de Europa no século XVIII era o:

- ☐ Absolutismo
- ☐ Parlamentarismo
- ☐ Despotismo ilustrado

b) O tipo de goberno dalgúns monarcas absolutos, influenciados polas ideas da Ilustración, coñécese como:

- ☐ Monarquía absoluta
- ☐ Monarquía parlamentaria
- ☐ Despotismo ilustrado

c) O concepto de separación de poderes foi desenvolto por:

- ☐ Voltaire
- ☐ Rousseau
- ☐ Montesquieu

- d) A doutrina económica que defende que a riqueza dun país provén da acumulación de metais preciosos é:
- ☐ O mercantilismo
 - ☐ O fisiocratismo
 - ☐ O liberalismo económico
- e) Os dous estamentos privilexiados no século XVIII eran:
- ☐ A nobreza e o clero
 - ☐ A nobreza e a xente común
 - ☐ A xente común e o clero
- f) A principal actividade económica do Antigo Réxime era:
- ☐ O comercio
 - ☐ A agricultura
 - ☐ A artesanía
- g) Que monarca e que dinastía gobernaron en España tras a guerra de sucesión?
- ☐ Felipe V, dos Austrias.
 - ☐ Felipe V, dos Borbóns.
 - ☐ Carlos de Habsburgo, dos Borbóns.

8. Le o seguinte texto e responde as preguntas:

Non sei quen é máis útil para un Estado: un señor ben empoderado que sabe precisamente a que hora o rei se levanta, a que hora se deita, e que se dá aires de grandeza facendo o papel de escravo na antecámara dun ministro, ou un negociante que enriquece ao seu país, dá desde o seu despacho ordes a Surat e ao Cairo, e contribúe á felicidade do mundo.

VOLTAIRE, *Cartas filosóficas*.

- a) Quen era Voltaire?
- b) A que dous personaxes compara? Que labores lle atribúe a cada un deles?
- c) A quen considera Voltaire máis útil para a sociedade?

- d) Quen tiña en realidade maior consideración social na época, un nobre ou un comerciante rico? Que privilexios tiña o nobre sobre o comerciante?

- e) Que opinaban as novas correntes ideolóxicas sobre a existencia de grupos sociais improdutivos? Consideraban xusto que estes grupos controlasen gran parte do poder político? Razoa a túa resposta.

2ª UD. A ERA DAS REVOLUCIÓNS

9. Define:

a) Asemblea Nacional:

b) *Sans-culottes*:

c) Xirondino:

d) Xacobino:

e) Congreso de Viena:

10. Por que estaban descontentos os colonos americanos?

11. Influíu a Ilustración na independencia de Estados Unidos? Por que?

12. Redacta un texto de 10 liñas no que expliques as causas da Revolución francesa.

13. Cres que Napoleón acabou coa obra da Revolución francesa ou que a continuou? Por que?

14. Le o seguinte texto e responde as preguntas:

Formulámonos tres preguntas: 1. Que é o terceiro estado? Todo. 2. Que foi ata o presente na orde política? Nada. 3. Que pide? Chegar a ser algo.

[...] E que é o terceiro estado? Todo, pero un todo trabado e oprimido. E que sería sen a orde privilexiada? Todo, pero un todo libre e florecente.

SIEYÈS, *Que é o terceiro estado?*, 1789.

- a) Porque Sièyes di que o terceiro estado non fora nada ata 1789?
- b) Que significa que o terceiro estado é “un todo trabado e oprimido”?
- c) Como relacionarías o texto cos acontecementos experimentados en Francia a finais do século XVIII?

15. Le o seguinte texto e responde as preguntas:

[...] Todos os homes son por natureza igualmente libres [...] e teñen certos dereitos inherentes, dos cales [...] non poden ser privados [...], a vida e a liberdade, xunto aos medios de adquirir e posuír propiedades, e a busca e obtención da felicidade [...].

[...] Todo poder reside no pobo [...], os maxistrados son os seus administradores [...].

[...] Os poderes lexislativo e executivo do Estado deben ser separado e distintos do xudicial [...].

Declaración de dereitos de Virxinia, 12 de xuño de 1776.

- a) Onde está Virxinia? De que país dependía en 1776?

b) Que sucesos precederon esta Declaración?

c) Que dereitos se recoñecen neste documento?

16. Observa a seguinte caricatura da sociedade francesa e responde as cuestións:



a) Describe a imaxe facendo especial referencia ás tres figuras humanas que aparecen na imaxe (*posición dentro da imaxe, vestimenta, grupo social ao que cres que representa, etc.*).

b) Que tipo de sociedade se está a representar na imaxe?

c) Cres que esta imaxe foi creada para defender ou para criticar a sociedade do seu tempo? Xustifica a túa resposta.

d) Que cambios sociais e políticos se estaban demandando cando se creou a imaxe? (*pista: refírese ao contexto da Revolución francesa*)

3ª UD. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME EN ESPAÑA

17. Explica que foi o Tratado de Fontainebleau, cando tivo lugar, e a súa importancia no contexto da Guerra de Independencia.

18. Que aconteceu nas Abdicacións de Baiona? Cando tiveron lugar?

19. Que estableceron os Tratados de San Ildefonso? En que ano foron asinados?

20. Nomea e describe os principais bandos que se enfrontaron durante a Guerra de Independencia en España

21. Le o seguinte documento e responde as cuestións:

Art. 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos os hemisferios.

Art. 2. A nación española é libre e independente, e non é nin pode ser patrimonio de ningunha familia nin persoa.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación, e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4. A nación está obrigada a conservar e protexer [...] a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos [...]

Art. 12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira. A nación protéxea [...] e prohíbe o exercicio de calquera outra. [...]

Art. 15. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos tribunais establecidos pola lei. [...]

Art. 248. Nos negocios comúns, civís e criminais non haberá máis ca un só foro [lei], para todas as clases de persoas. [...]

Art. 339. As contribucións [impostos] repartiranse entre todos os españois con proporción ás súas facultades, sen excepción nin privilexio ningún.

- a) Os artigos pertencen á primeira Constitución española. Con que nome se coñece popularmente a dita Constitución? En que ano foi promulgada?
- b) Segundo o artigo 3, que significa que *“a soberanía reside esencialmente na nación”*? Que diferenza se está a establecer respecto do sistema político característico do Antigo Réxime?
- c) Sen parafrasear o texto, que valores establece o artigo 12?
- d) Nos artigos 15, 16 e 17, que principio se está a defender? Xustifica a túa resposta.
- e) O artigo 248 establece que *“non haberá máis ca un só foro [lei], para todas as clases de persoas”* e o artigo 339 di que os impostos deben repartirse entre todos os españois *“sen excepción nin privilexio ningún”*. Que principio se reflicte nestes artigos? Que característica do Antigo Réxime se está a abolir con eles?

22. Explica a importancia dos seguintes personaxes dende o punto de vista histórico. Debes mencionar o papel que desempeñaron nos principais acontecementos históricos.

- a) Carlos IV:

b) Fernando VII:

c) Manuel Godoy:

d) Xosé Bonaparte:

23. Le os seguintes fragmentos e responde as cuestións:

Proclama da Xunta Suprema de Sevilla (Maio de 1808):

Españoles! A nación está en perigo, a tiranía francesa quere escravizarnos. Fernando VII, o noso lexítimo rei, foi traizoado e arrebatado. A patria chámanos; tomade as armas, unídevos contra o opresor e loitade pola nosa liberdade e a do Rei.

Proclama da Xunta de Valencia (Xuño de 1808):

Soldados, campesiños, cidadáns: o chan que pisamos é libre e debe seguir séndoo. Antes morrer que vivir baixo o xugo de Napoleón. Por Deus, pola Patria e polo Rei, ás armas!

a) Estes documentos foron redactados polas Xuntas pero, que eran as Xuntas no contexto da Guerra de Independencia?

b) Que valores destacan estas proclamas? Relaciónaos cos ideais defendidos polos patriotas.

- c) Que emocións intentan despertar estas proclamas nos lectores? Xustifica a túa resposta parafraseando o texto.

- d) Na proclama da Xunta Suprema de Sevilla establécese que *“Fernando VII, o noso lexítimo rei, foi traizoado e arrebatado”*. A que acontecemento histórico se está a facer referencia con esta frase? Xustifica a túa resposta.


24. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). En caso de ser falsas, corríxeas:

- a) O Motín de Aranjuez foi un levantamento popular que obrigou a Carlos IV a destituír a Manuel Godoy e abdicar en favor do seu fillo Fernando VII.
- b) A Guerra de Independencia española comezou coa sublevación popular do 2 de maio de 1808.
- c) Os afrancesados apoiaban a Fernando VII e rexeitaban as reformas napoleónicas.
- d) As Cortes de Cádiz elaboraron unha constitución que aboliu a monarquía absoluta e os privilexios estamentais característicos do Antigo Réxime.
- e) A primeira Constitución española estableceu un sistema no que só os nobres tiñan dereito a participar no goberno.
- f) Durante a Guerra de Independencia, as guerrillas foron unha estratexia empregada polas tropas napoleónicas para controlar o territorio español.
- g) O Tratado de Valençay marcou o fin da Guerra de Independencia, recoñecendo a Fernando VII como rei lexítimo.

- h) A Xunta Suprema Central foi creada para coordinar a resistencia contra as tropas francesas e realizar reformas políticas.
- i) Xosé Bonaparte foi ridiculizado pola prensa española, na que se referían a el como Pepe Botella ou Pepe Pepino.
- j) As proclamas patrióticas instaban aos españois a defender a Napoleón como o seu lexítimo gobernante.

4ª UD. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

25. Observa este gráfico sobre a evolución da poboación dende mediados do século XVIII e contesta as preguntas:



- a) Que aconteceu coa poboación a partir de 1740? Explica a súa evolución.
- b) Cales foron as causas principais deste proceso?

c) O aumento da poboación tivo algunha repercusión no inicio da Revolución Industrial? Cal?

26. Define os seguintes termos:

a) Revolución industrial

b) Fábrica

c) Proletariado

d) Burguesía

e) Obradoiro

f) Rotación cuadrienal/continua

27. Explica a relación que existe entre os seguintes conceptos

- a) Crecemento demográfico e estímulo das innovacións industriais

- b) Introducción de innovacións no campo e Revolución demográfica

- c) Revolución demográfica e crecemento urbano

28. Escribe un pequeno texto sobre a seguinte temática: *situación das mulleres na industria a finais do século XVIII*.

29. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). No caso de ser falsas, corríxeas.

- a) Unha das consecuencias da mecanización do proceso produtivo é a mellora da calidade e o aumento da produción, o que leva consigo un aumento dos custos de produción e o prezo de venda dos produtos.


- b) Na primeira fase da revolución industrial destacaron dous sectores: a industria química e a industria eléctrica.

- c) O primeiro sector industrial no que se produciu a mecanización e a transformación industrial en Gran Bretaña foi o siderometalúrxico.
- d) A construción e desenvolvemento do ferrocarril estimulou ó resto de sectores produtivos e permitiu reducir o tempo nas comunicacións, dificultando a interrelación dos mercados.
- e) A Revolución Industrial xorde en Gran Bretaña e a partir de 1780 estendeuse por Europa.
- f) O ritmo de industrialización en cada país foi diferente en función de diversos factores: a existencia de recursos (carbón, ferro e algodón); a dispoñibilidade de capital; e o crecemento demográfico xunto coa demanda de produtos.
- g) Entre os países de industrialización temperá atópanse España, Portugal, Italia e Bélxica.
- h) A máquina de vapor foi inventada por Stephenson.
- i) O emprego da enerxía hidráulica como forza motriz revolucionará a maquinaria empregada no sector téxtil durante a Primeira Revolución Industrial.
- j) O primeiro tren de pasaxeiros circulou en Francia en 1830.

30. Observa as dúas imaxes e responde as preguntas:



Obradoiro de modistas de Manuel García Hispaletó



Mulleres traballando nunha fábrica de fiado

a) Cal dos dous sistemas de traballo corresponde á Revolución Industrial? Describe como é o traballo en cada imaxe.

b) Como era a situación da muller na industria?

c) Pareceche que na segunda imaxe as mulleres van preparadas para o traballo que realizan? Cando empezou a cambiar esta situación?

31. Qwen forma o proletariado de finais do século XIX? Como eran as súas condicións de vida?

5ª UD. ARTE E CULTURA

32. Define os seguintes conceptos:

a) Neoclasicismo

b) Romanticismo

33. Completa a seguinte táboa comparativa sobre as características xerais dos dous movementos artísticos:

	Neoclasicismo	Romanticismo
Valos principal		
Composición e expresión		
Uso da cor/debuxo		
Temáticas		

34. Responde as seguintes cuestións sobre a obra de Francisco de Goya:

- a) Goya é considerado unha “ponte” entre o Neoclasicismo, o Romanticismo e a arte moderna. Como se manifesta o Romanticismo na súa etapa de madurez? Cita as dúas obras destacadas relacionadas coa Guerra de Independencia e explica brevemente o significado das mesmas.
- b) *Saturno devorando ao seu fillo* é unha das obras pictóricas máis coñecidas de Goya. Pertence á etapa coñecida como Pinturas negras. Que teñen en común todas as obras desta etapa da vida de Goya? Que mensaxe transmiten ao espectador?